

Normas xerais de uso

É importante facer un uso responsable dos dispositivos, empregándoos exclusivamente para fins lícitos. Non se deben descargar nin visualizar contidos que vulneren os dereitos de propiedade intelectual.

Antes de usar o dispositivo, asegúrate de coñecer o seu funcionamento para evitar un uso incorrecto. Non empregues accesorios que estean en mal estado ou que non sexan compatibles, xa que poderían danar o equipo.

Ten precaución ao acceder a páxinas web ou arquivos que poidan conter virus ou software malicioso.

Non se debe modificar a configuración do software dos dispositivos.

Responsabilidade


En caso de perda ou dano do dispositivo, ou de calquera dos seus accesorios, a persoa usuaria deberá reparalo ou substituílo por outro de características similares, cuxo valor aproximado será acordado coa biblioteca. Mentres non se realice a reposición, non poderás solicitar outros materiais en préstamo.

DL.: C 578-2025

Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

Avda. Xoán XXIII, s/nº
15704 Santiago de Compostela

Tlf. 881 999 401



biblio.publica.santiago@xunta.gal



<https://bibliotecas.xunta.gal/santiago>



<https://www.facebook.com/bpsanxelcasal>



<https://x.com/bpsanxelcasal>



<https://instagram.com/bpsanxelcasal>



<https://bsky.app/profile/bpsanxelcasal.bsky.social>



BIBLIOTECA PÚBLICA
DE SANTIAGO
ÁNXL CASAL

Préstamo de dispositivos electrónicos (lectores de libro electrónico, ordenadores portátiles e tabletas)



Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal



XUNTA
DE GALICIA

Requisitos

Para coller prestados dispositivos electrónicos é necesario:

- ✓ Ter o carné da biblioteca
- ✓ Ser maior de 18 anos
- ✓ Non ter préstamos vencidos nin sancións pendentes.



Condicións do préstamo

Cada persoa usuaria pode levar en préstamo un único lector de libro electrónico e, adicionalmente, un portátil ou tableta.

Os lectores de libro electrónico préstanse a domicilio por un período de 21 días, con posibilidade dunha renovación.

Os ordenadores portátiles e as tabletas deben empregarse exclusivamente dentro da biblioteca. Préstanse por un día e deben devolverse media hora antes do peche.

Devolución

É imprescindible devolver os dispositivos nas mesmas condicións nas que foron entregados, incluíndo todos os seus accesorios e periféricos, se os houber.

A devolución deberá facerse sempre no mostrador da biblioteca.

Non respectar os horarios de devolución suporá sancións:

- × Se o dispositivo se devolve despois da hora límite establecida, 1 día sen poder levar nada en préstamo nas bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia.
- × Se non se devolve antes do horario de peche, a suspensión será de 7 días.



Importante:

Ao devolver un dispositivo, este será reconfigurado e restaurado ao seu estado inicial.

Por iso, **é fundamental gardar os arquivos persoais nunha ferramenta de almacenamento externa**, xa que serán eliminados do dispositivo ao restauralo.

No caso dos ordenadores portátiles, esta restauración ocorre automaticamente ao apagalos. Se precisas apagar o equipo para usalo máis tarde, **lembra gardar previamente os arquivos que desexes conservar**.